

O Tea é un río cheo de vida

O río Tea nace en Covelo, en dous ramais, un na serra do Faro de Avión e outro na do Suído. Afluente do Miño, drena as terras das comarcas da Paradanta e O Condado. Por mor da súa destacada riqueza natural, o Tea foi designado Lugar de Interese Comunitario (LIC) e incluído na rede europea de espazos protexidos Natura 2000.




Un espazo con hábitats de interese europeo

Os bosques de ribeira son o tipo de bosque natural máis destruído en Europa desde a antigüidade. Nas marxes do río Tea e os seus afluentes consérvanse en bo estado bosques de ameneiros e freixos. Dentro dos límites do espazo tamén hai valiosas fragas con carballeiros e cerquiños. Outros hábitats de interese presentes son diversos tipos de formacións de mato.

Formando parte de Rede Natura 2000

Esta rede de espazos protexidos foi creada por unha directiva da Unión Europea para deter a alarmante perda de biodiversidade. Nela non se exclúen as actividades económicas senón que se procura harmonizalas coa conservación da natureza. A Xunta é a responsable en Galicia de designar os límites e concretar as medidas de xestión dos espazos incluídos na Rede Natura 2000 por albergaren determinados hábitats e especies de importancia a escala europea.



E tamén declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais


É a figura de protección legal que a Xunta de Galicia aplica á parte do río Tea incluída na rede Natura 2000. Os usos e actividades tradicionais non prexudiciais para o medio pódense seguir levando a cabo. Porén, outras actividades que poidan deteriorar este espazo natural precisan dunha autorización previa da consellería competente en materia de conservación da natureza.

O Lugar de Interese Comunitario (LIC) Río Tea, declarado en 2004 cunha superficie de 357 hectáreas, abrangue todo o curso do río agás a cabeceira até Macieira (Covelo).




A Terra, o planeta azul

Ollada desde o espazo, a Terra é un planeta azul, pois tres cuartas partes da súa superficie están cobertas pola auga. A auga é indispensable para todos os seres vivos, resulta determinante no control do clima e actúa como un poderoso axente xeolóxico.



A auga no noso planeta

A auga está presente nos mares, nos continentes e na atmosfera. Existe na natureza nos tres estados físicos: sólido (xeo), líquido (oceanos, ríos...) e gasoso (vapor de auga). Isto non acontece noutros planetas, onde só aparece en estado gasoso ou en estado sólido.



O sol mantén o ciclo da auga en contínuo movemento

A auga circula entre os diferentes reservorios en que se acumula, impulsada pola enerxía solar. O ciclo da auga é un dos soportes básicos para a produción dos servizos da natureza necesarios para o noso benestar.


A Biblia refírese así a este ciclo: "Como a chuvia e a neve baixan do ceo e non volven alá senón despois de saciar a terra"

A auga é un recurso limitado no planeta

Do volume total de auga do planeta, só unha porcentaxe ínfima está disponible para usos humanos. O crecemento da economía e da poboación mundiais disparou o consumo de auga e estámornos achegando ao límite máximo sustentable. Centos de millóns de persoas padecen xa escaseza de auga por causa da desigualdade social e a deterioración ambiental.

¿Que é a cunca hidrográfica?

Unha cunca hidrográfica ou fluvial é a superficie que recolle as augas que alimentan un determinado río. O Tea e os seus afluentes constitúen unha subcunca da cunca do río Miño. A auga debe xestionarse a escala da unidade natural que son as cuncas, máis alá dos límites administrativos.



Cunca hidrográfica do río Tea



Páxina do Sustibilidade
Concello de Covelo

Área Local de Sustibilidade

No Tea sobreviven bosques de interese

Nas marxes dalgúns treitos do río Tea e os seus afluentes conserváronse en bo estado os bosques orixinarios de Galicia. Deles depende a vida de moitas especies, a saúde ecolóxica do río e o noso benestar.



Unha flora rica

Son moitas as especies de plantas que viven na conca do río Tea. Só na parte alta identifícaronse 357 especies diferentes. Baixo as copas das árbores dos bosques mellor conservados viven numerosas especies de arbustos, plantas herbáceas e fentos. Outro hábitat especialmente valioso son as turbeiras dos planaltos das serras nas que nace o Tea. Actúan como esponxas que recollen a auga procedente das chuvias, do rocío e mesmo do desxeo. Galicia acolle as maiores turbeiras da península Ibérica e ademais é o límite sudoeste da súa área de distribución en Europa.

As carballeiras e as turbeiras do nacemento son dous hábitats de grande interese do río Tea

Tesouros ameazados

Aquí atopan refuxio algunas especies da nosa flora ameazadas de extinción: os fentos *Dryopteris aemula*, *Dryopteris guanchica* e *Woodwardia radicans* e o narciso *Narcissus cyclamineus*. Esta última é endémica (exclusiva) de Galicia e norte de Portugal.



No río Tea habitan especies escasa como o martelíño (*Narcissus cyclamineus*) ou o fento *Woodwardia radicans*.



Os mellores aliados do río

Os bosques de ribeira son esenciais para o bo estado ecolóxico dos ríos. Regulan a temperatura da auga coa súa sombra; actúan como filtros verdes, evitando que arrastres de contaminantes e de terras cheguen ao río; reteñen a terra das marxes; os seus froitos fornecen alimento e as súas raíces son refuxios para a fauna fluvial.

Alén diso, enriquecen a paisaxe e son auténticos corredores ecolóxicos para a intercomunicación dos animais e as plantas, unindo as zonas de maior interese natural.

A conservación dos bosques de ribeira é fundamental para preservar os nosos ríos

Os servizos que nos ofrece a natureza

Os ecosistemas, como os ríos ou os bosques, fornécennos servizos ambientais necesarios para vivirmos ben. Algúns son monetarizables e outros non, mais todos son importantes. Poden ser de abastecemento (auga, pesca,...), de regulación (control de enchentes, polinización,...) ou culturais (recreativos, educativos,...). Os ecosistemas constitúen un capital natural imprescindible para o benestar humano.

A conservación dos espazos naturais aporta importantes vantaxes para a nosa sociedade



Ministerio do
Medio Ambiente
Consello Local
de Sostibilidade

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe

O río Tea ferve de vida animal

A maior parte dos seus habitantes son peixes ou insectos e outros invertebrados, mais as súas augas tamén acollen mamíferos, aves, anfibios e réptiles. Algúns deles están ameazados ou son exclusivos do noroeste da península Ibérica.



No espazo natural do Tea viven libélulas en perigo

As larvas destes insectos carnívoros viven no río. Os adultos son excelentes voadores que non se afastan moito da auga. Dúas das especies que viven na bacía do Tea áchanse en perigo de extinción en Galicia: *Gomphus graslinii* e *Macromia splendens*.

Macromia splendens é unha das dúas especies de libélula que se encontran en perigo de extinción en Galicia.



Un peixe que non é peixe

A lamprea é un vertebrado moi primitivo que non ten mandíbulas, polo que non é un verdadeiro peixe. Nace nos ríos mais atinxe a madurez no mar, onde se fixa a grandes peixes para lles chuchar o sangue.



Salmón (*Salmo salar*)

O Tea, libre de presas até Maceira, alberga unha comunidade de peixes diversa da que forma parte o salmón, especie en perigo en Galicia.



Lamprea (*Petromyzon marinus*)

Unha pequena xoia da fauna galega e portuguesa

A salamántiga é un anfibio exclusivo de Galicia, o norte de Portugal e o occidente de Asturias. A diferenza do resto dos anfibios, pode desprenderse da súa longa cola cando se sente en perigo e é collida por ela, como fan as lagartas. Para a súa supervivencia depende estreitamente de regos de augas limpas e bosques de folla caduca como os que se encontran no Tea, hábitats cada vez más escasos na súa área de distribución.



Salamántiga (*Chioglossa lusitanica*)



Picapeixe (*Alcedo atthis*)

Non é fácil admirarmos esta rechamante ave pousada na pola dunha árbore. Máis frecuente fácil é vela voando rapidamente a rentes da auga.

A pescadora silandeira

Ben adaptada á vida acuática, a lontra mergúllase na auga para capturar os peixes que forman a base da súa dieta. Habitualmente moi discreta, pegadas e excrementos delatan a súa presenza.



Lontra (*Lutra lutra*)



Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe

O Tea, un caudal de riqueza

O río Tea discorre por terras poboadas desde tempos antigos. A intensa relación entre as xentes e o río legounos un rico patrimonio material e inmaterial.

O río foi e segue a ser fonte de riqueza e benestar colectivos.



Ritos nas pontes e pasos do Tea

Para comunicar as beiras do Tea construíronse pontes e pasos, formados estes por bloques de pedra sobre os cais ás veces se apoian laxes.

Ás pontes de Fillaboa (Salvaterra) e dos Remedios (Ponteareas) asóciase o rito prenatal dos bautismos anticipados, aplicado a mulleres preñadas con antecedentes de malos partos. Nunha noite de sábado para domingo, o primeiro home que atravesa a ponte despois das doce será o "padriño" e verterá auga do río sobre o ventre da muller.

Tamén existen pasos para curuzar o río como o de Casteláns ou o de Lourido.

Pasos de Lourido:

O nome de "pasos" destas curiosas construcións populares ideadas para cruzar os ríos, débese a que a distancia entre cada pedra é de un paso.

As milagreiras augas do Tea

Segundo a tradición, a auga estancada nunha tumba precristiá próxima á capela da Xestosa, no Monte Faro de Avión, ten propiedades curativas, pois o sarcófago pertenceu a un santo e a auga procede do nacemento do río Tea.

Fonte de Lourido.
A veciñanza acredita no valor curativo das augas da Fonte de Lourido en Covelo.



Fonte inesgotable de enerxía

O aproveitamento da enerxía das augas chegou a ser moi intenso no pasado. Os cereais cultivados no val do Tea moíanse en numerosos muíños. Os mazos dos batáns golpeaban os tecidos para facelos más mestos.

No Serradoiro dos Carranos, en Maceira en Covelo, a auga move unha grande Nora que fai funcionar a serra que corta a madeira.

As primeiras centrais hidroeléctricas (as "fábricas de luz") tornaron posible o comezo da electrificación, e onde hoxe está a praia fluvial de Maceira instalouse unha das primeiras da bisbarra, aló polos comezos do século XX, que producía enerxía para a Paradanta e O Condado.



Serradoiro dos Carranos.
Este serradoiro, chamado así pola súa especialización na construcción de carros, foi rehabilitado e convertido no Centro de Interpretación do Alto Tea.



Municipio de

Covelo

Concello

de Covelo

Ampliada Local

de Sustibilidade

Os problemas ambientais ameazan os ríos

Os ríos están entre os ecosistemas más ameazados a escala mundial. Galicia posúe unha densa rede fluvial cuxa riqueza natural veuse mermada nas últimas décadas. Non son poucas as ameazas para os nosos ríos. Eis algunas delas.

A erosión do solo contamina os nosos ríos

Os arrastres de terras provocados polos incendios, pola construcción de pistas ou polas malas prácticas forestais -como a destrucción dos bosques de ribeira- contaminan as augas e degradan os fondos dos ríos.

Os vertidos deterioran a sáude das augas

As verteduras de residuos e de augas residuais urbanas ou industriais así como as augas de escorrentía agrícola con restos de pesticidas e fertilizantes, etc, deterioran a calidade das augas dos ríos.

Os ríos áinda son usados a miúdo como vertedouros.



Barreiras para a vida no río

Os encoros son barreiras para a fauna e alteran drasticamente a dinámica fluvial. Moitos treitos fluviais da bacia Miño-Sil foron desnaturalizados por encoros hidroeléctricos.

As presas no río chegan a ser obstáculos insalvables para os peixes migratorios que remontan os ríos, como o salmón, o reo, as anguilas ou as lampreas.

As novas invasións

Algunhas especies exóticas con capacidade invasora, introducidas de xeito voluntario ou accidental, degradan o medio e desprazan ou substitúen as especies autóctonas. Entre as que afectan os ríos e as súas ribeiras figuran varias especies de peixes, o sapo-concho de Florida, o visón americano ou as acacias.

O cambio climático tamén afectará aos ríos

A mudanza climática global provocada pola queima de combustibles fósiles (carbón, petróleo, gas natural), se non a atenuamos, terá efectos desastrosos sobre a natureza da que dependemos, tamén sobre os nosos ríos.

As acacias, orixinarias do sueste de Australia e Tasmania, teñen un gran poder de invasión e ademais impiden a xermolación doutras plantas autóctonas.



Fotografía: Archivo Com. Daniel Cereiro

Ilustración: Siso Cabido

www.com-edusacionambiental.es

Diseño:

cen

scoop-gallego

e realización:

cen

cen



Municipio de

Covelo

Concello Local

de Sustibilidade



Concello Local

de Sustibilidade

Concello de

Covelo

Concello Local

A paisaxe do Tea vai mudando

Os elementos naturais do medio físico (clima, ríos, rochas,...), xunto cos seres vivos e as intervencións humanas no medio, conforman as nosas paisaxes.



Un clima húmido...con veráns secos

A parte baixa da bacía do río Miño, da que forma parte a bacía do Tea, caracterízase por un clima oceánico-húmido con tendencia á aridez estival. As precipitacións son abondosas no conxunto do ano, mais no verán hai seca. As temperaturas son suaves, cuns invernos que non son moi fríos e uns veráns non moi calorosos. Nas áreas montañosas, como na parte máis alta de Covelo, o clima é más frío e chuvioso que nos vales.

Nas terras altas de Covelo nos invernos máis frios, as neves tinguen de branco os cumios



As tres partes do Tea

O río Tea discorre relativamente encaixado no primeiro terzo do seu percorrido. Despois o val do Tea ábrese e o río vai gañando largura. No último terzo, o Tea é un río largo, con máis de 14 m de media. Ao longo do seu curso, achamos diversos microhábitats, dependendo da velocidade da corrente, da profundidade....

O río Tea ao seu paso polas terras de Covelo caracterízase polo encaixonamento do seu cauce



Unha paisaxe diversa

Na cunca do Tea amósansenos diversos tipos de paisaxes. Os vales fluviais están densamente poboados e acollen unha intensa actividade agraria. Mentre, entre as zonas de montaña destaca a paisaxe da Dorsal Meridiana, a cadea montañosa que percorre Galicia de norte a sur, dividindo a Galicia occidental da oriental.



A disposición das serras da Dorsal Meridiana, situadas case perpendicularmente aos ventos húmidos procedentes do océano, tradúcese en abondosas chuvias que enchen de auga e vida o río Tea.

As carballeiras a media ladeira ábrese nos vales, máis humanizados e ocupados polos campos de cultivo.

Fotografía: Archivo Com. Daniel Cereiro

Ilustración: Siso Cabero

www.com-diccionariomillimalia.es

cenm.sociedadgallega.org

e realización:

www.com-diccionariomillimalia.es



O río Tea, un caudal de benestar

O río Tea discorre por terras poboadas desde tempos antigos. A intensa relación entre as xentes e o río legounos un rico patrimonio material e inmaterial.

O río foi e segue a ser fonte de riqueza e benestar colectivos.



No Tea aínda pervive a pesca profesional da lamprea

O Tea, xunto co Ulla e o Miño, son os únicos ríos galegos onde se autoriza a pesca da lamprea, que ten carácter profesional. O método de captura é único. Desde as estacadas - unhas estacadas perpendiculares ao río - os pescadores espreitan as augas durante a noite coa axuda de luces artificiais, atrapando as lampreas coa fisga ou francada.



A troita é a especie máis procurada na pesca deportiva.

Parte das poboacións galegas de lamprea encóntranse ameazadas, a causa da sobrepesca, a contaminación dos esteiros, a construcción de presas e a extracción de gravas.

Un recurso vital


A auga, ademais dun componente fundamental dos ecosistemas, é un recurso necesario para o desenvolvemento das actividades humanas. Consómese auga nos fogares, nas explotacións agrarias e nas industrias.



(Datos para o ano 2005) Fonte: Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Vivir ben consumindo menos

Cóbre consumirmos menos auga e outros recursos naturais para vivirmos sen exceder as capacidades da nosa contorna e do planeta. A auga é un ben limitado que cada un de nós consome non só de forma directa senón tamén indirecta, "contida"en alimentos e obxectos. Por exemplo, para facer unha camisa de algodón necesítanse 2.900 litros de auga.



Fonte: Informe Planeta Vivo 2008

¿Que facermos para aforrar auga?

Como consumidores e consumidoras, temos moitas opcións para aforrarmos auga. Usar a lavadora e o lavalouzas só cando están cheos, ducharse en lugar de bañarse, cisternas con dobre pulsador ou interruptor de descarga, evitar caer no consumismo, apostar pola compra de produtos locais e ecolóxicos, non consumir carne en exceso.

Tamén é moi importante que preservemos en bo estado de conservación os nosos ríos, evitando provocar impactos como vertidos, talas de bosques de ribeira, pescando de forma irresponsable sen respectar as tallas e vellas...

Fotografía: Archivo Cem. Daniel Cea. Xacobe Melández. Ilustración: Silao Cubero. Tokyo

Diseño: Cem. scoop.galicia. Ilustración: Silao Cubero. Tokyo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe



Covelo
Axencia Local de Sustentabilidade

Sostibilidade para un futuro posible


O progreso non é auténtico se implica destrución da natureza. Debemos satisfacer as nosas necesidades sen exceder os límites ambientais. A sustentabilidade é garantía de benestar duradeiro para todos e todas.

Unha crise ambiental planetaria

Problemas como o cambio climático, a perda de diversidade biolóxica, a sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación química,... son de tal magnitud que configuran unha perigosa crise ambiental global.

A pegada ecolóxica: a nosa presión sobre o planeta

Hoxe vivimos por riba das posibilidades ecolóxicas, á custa do futuro. A pegada ecolóxica estima a superficie bioprodutiva necesaria para sostener o consumo e para absorber os residuos dunha poboación. A pegada ecolóxica da humanidade xa supera a capacidade rexeneradora do planeta en cerca dun 30%, debido ao exceso de consumo dos países desenvolvidos.



Datos para o ano 2005. Fonte: Planeta Vivo 2008

Bo para a natureza, bo para o rural

As políticas de conservación da natureza non son inimigas do medio rural. Poden supor algúns límites mais tamén boas oportunidades. Por exemplo, as zonas da Rede Natura 2000 actúan como reclamo para o turismo e son prioritarias no reparto de fondos europeos.

A nova cultura da auga

Os ríos son ecosistemas vivos e non simples canais de auga. E a auga é moito más que un recurso. Por iso, a Directiva Marco da Auga considera non só as funcións económicas dos ríos, senón tamén as sociais e as ambientais, procurando asegurar un bo estado ecolóxico.



A sostibilidade: un futuro posible

O desenvolvemento sustentable significa vivir ben sen dilapidar a natureza, da que depende o noso benestar. ¿Como consegui-lo? Reutilizando e reciclando, promovendo a produción e o consumo local de produtos ecolóxicos, desenvolvendo as enerxías renovables, evitando o consumo superfluo, etc,

